

CADRO RESUMO CONTRATOS INCENTIVADOS

CONTRATACION INDEFINIDA, INICIAL OU TRANSFORMACION	
<p>* Bonificacións da cota empresarial: Aplicables de xeito automático, durante toda a vixencia do contrato, por contratación indefinida inicial, incluídos os fixos discontinuos, ou transformación de contratos temporais de fomento do emprego, contrato para a formación e contratos en prácticas, a xornada completa. No caso de contratación é a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse proporcionalmente segundo a xornada pactada incrementada nun 30% sen que a contía supere o 100% da contía total.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Home: 375 €/mes (4,500 €/ano). - Muller: 445,83 €/mes (5,350 €/ano). - Home ou Muller maior de 45 anos: 475 €/mes (5,700 €/ano). - Home con discapacidade severa: 425 €/mes (5,100 €/ano). - Muller con discapacidade severa: 495,83 €/mes (5,950 €/ano). - Home ou Muller con discapacidade severa e maior de 45 anos: 525 €/mes (6,300 €/ano). <p>* Subvencións de pago único ó comezo do contrato. A solicitar na Delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar, polas contratacións realizadas, incluídos fixos discontinuos entre o 16/09/2009 e o 30/06/2010, con persoas con discapacidade desempregadas ou procedentes de centros especiais de emprego.</p>	<p style="text-align: center;"><u>Consideracións:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - As bonificacións e as axudas non poden en concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial de dúas anualidades correspondente ao contrato subvencionado. - Nas bonificacións o/a traballador/a deberá estar inscrito como demandante de emprego e non ter ocupación laboral, ou téndoa noutra empresa con contrato a tempo parcial, con xornada inferior a 1/3 da xornada completa. - Para obter as axudas o/a traballador/a ten que estar desempregado e inscrito sen ocupación laboral ou proceder de centros especiais de emprego, ou de enclave laboral (segundo a subvención) - Para obter as axudas e as bonificacións o/a traballador/a non pode ter traballado na mesma empresa ou grupo de empresas nin en supostos de sucesión de empresa, con contrato indefinido nos 24 meses anteriores á contratación agás nos seguintes casos: <ul style="list-style-type: none"> a) que se trate dun traballador con especiais dificultades para a súa inserción laboral - O/A traballador/a non pode ter finalizado un contrato indefinido noutra empresa nos 3 meses anteriores, agás nos seguintes casos: <ul style="list-style-type: none"> a) por despedimento improcedente ou colectivo. b) que proceda dun centro especial de emprego ou proceda dun enclave laboral ou en base ao programa emprego con apoio (ben sexa por incorporarse á empresa ordinaria, ou por retorno ao CEE de procedencia ou para outro CEE) c) que se trate dun traballador con especiais dificultades para a súa inserción laboral

		Adicionais
3.907 € se é home con discapacidade		
5.107 € se é Muller con discapacidade		
4.907 € se é home con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral		- 500 € Se é persoa con discapacidade procedente de centros especiais de emprego
6.107 € se é Muller con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral.		- 500 € Si se trata de contratacións en empresas que teñan ata 49 traballadores/as ou que presten servizos en centros de traballo dun concello rural.
<p>* Subvención de pago único no caso de contratacións indefinidas de persoas con discapacidade procedentes do enclave laboral:</p>		
7.814 € si se trata de persoa con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral contratada a xornada completa		
Resto de persoas con discapacidade do enclave laboral, non incluídos no suposto anterior : as contías previstas na subvención pola contratación indefinida.		
Características desta contratación: a contratación deberá realizarse sen solución de continuidade e transcorrido, polo menos, un prazo de 3 meses dende o inicio do enclave ou dende a incorporación do traballador/a , se esta fose posterior ao inicio do enclave.		
<p>- Para acceder á subvención, as empresas que teñan 50 traballadores/as ou máis deberán cumprir a cota de reserva</p> <p>- As empresas que extinguiran ou extingan por despedimento improcedente ou colectivo, contratos bonificados quedarán excluídos por período de 12 meses das bonificacións prevista no programa e das subvencións.</p> <p>- Para obter a subvención, deben manter durante 3 anos contratada a persoa, e transcorridos 3 anos dende a contratación indefinida ou transformación, ou transcorridos os 12 meses no suposto de contrato temporal, deberá presentar dentro dos 3 meses seguintes, unha relación dos traballadores polos cales se lles concedeu a subvención a efectos de acreditar a súa permanencia na empresa ou persoas pola que foi substituída.</p> <p>- No caso de despedimento ou baixa voluntaria procedente, terán que substituílos por outros traballadores/as con discapacidade, senón se pode substituír por non existir un candidato idóneo no Servizo Público de Emprego: reintegro parcial da subvención correspondente ao período de tempo que quedou sen cubrir o posto de traballo.</p> <p>- Suposto de despedimento declarado ou recoñecido improcedente do traballador/a subvencionado: Reintegro das subvención percibida por dito traballador.</p> <p>- No suposto de baixa dalgunha persoa traballadora pola que se obtivo a subvención, a empresa deberá substituíla no prazo de 3 meses dende a data da baixa. Realizada a substitución deberá comunicalo ao departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar, dentro dos 20 días seguintes.</p> <p>-Na subvención a empresas colaboradoras que contraten traballadores/as do enclave laboral, éstas deben formalizarse sen solución de continuidade e transcorrido a lo menos, 3 meses dende o inicio do enclave, ou dende a incorporación do traballador/a se ésta fose posterior o inicio do enclave.</p>		

* **Subvención por contratación de persoas con discapacidade procedente dun proxecto de emprego con apoio:**

Incrementase a subvención pola contratación indefinida, nun 50%.

* **Estos contratos poden acollerse a redución da indemnización por despedimento improcedente de 33 días de salario por ano de servizo, ata un máximo de 24 mensualidades.**

* **Subvencións por adaptación do posto de traballo, tanto para evitar accidentes laborais como para eliminación de barreiras e obstáculos.**

902 €.

A solicitar antes de realizar a adaptación, pola empresa ou traballador. Require informe técnico favorable da Inspección de Traballo

* **Dedución no imposto de sociedades:** Será deducible da cota íntegra a cantidade de 6,000 € por cada persoa/ano de incremento do promedio da plantilla de traballadores/as con discapacidade, contratados de modo indefinido e a xornada completa, que experimente o período impositivo respecto do cadro de persoal medio de traballadores/as con discapacidade contratados de modo indefinido e a xornada completa no período inmediatamente anterior. Para o cálculo do incremento promedio computaranse só, os traballadores/as con contrato indefinido a xornada completa. Os traballadores/as contratados que den dereito a esta dedución non se computarán a efectos da liberdade de amortización con creación de emprego.

- A dedución fiscal no Imposto de Sociedades só é aplicable a contratacións indefinidas a tempo completo e teñen un límite co resto de deducións pois non poden exceder o 35% da cota íntegra minora coas deducións.

- Definicións: **CONCELLO RURAL:** aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes

- Outras consideracións: consultar orde

- Normativa: Lei 43/2006 de mellora do Emprego – RDL 2/2009 de 6 de marzo de 2009. Lei 27/2009, de 30 de decembro – RDL 4/2004, de 5 de marzo (artigo 41) - Orde 23 de abril (DOG, 30/04/2010)

PRAZO SOLICITUDE SUBVENCIÓNS ATA 30/06/2010

CONTRATO TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO Duración de 1 a 3 anos.

*** Bonificacións da cota empresarial:**

Aplicación automática, durante toda a vixencia do contrato do/a traballador/a a xornada completa. No caso de contratación é a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse proporcionalmente segundo a xornada pactada incrementada nun 30% sen que a contía supere o 100% da contía total.

- Home: 291,66 €/mes (3,500 €/ano)
- Muller: 341,67€/ es (4,100 €/ano)
- Home maior de 45 anos: 341,67 €/mes (4,100 €/ano)
- Muller maior de 45 anos: 391,67 €/mes (4,700 €/ano)
- Home con discapacidade severa: 341,67 €/mes (4,100 €/ano)
- Muller con discapacidade severa: 391,67 €/mes (4,700 €/ano)
- Home maior de 45 anos con discapacidade severa: 391,67 €/mes(4,700 €/ano)
- Muller maior de 45 anos con discapacidade severa: 441,67 €/mes (5,300 €/ano)

*** Subvención por adaptación de posto de traballo: 902 € para evitar accidentes laborais ou eliminación de barreiras.**

A solicitar antes do inicio da adaptación, tanto pola empresa como polo traballador/a. Require informe técnico da Inspección de Traballo.

*** A terminación do contrato o traballador terá dereito a percibir compensación económica equivalente a 12 días de salario por ano de servizo ou parte proporcional.**

Consideracións:

- O/A traballador/a debe estar inscrito como demandante de emprego e o contrato formalizarse no modelo oficial.
- O/A traballador/a non pode ter traballado na mesma empresa ou grupo de empresas nin en supostos de sucesión de empresa, con contrato indefinido nos 24 meses anteriores á contratación agás nos seguintes casos, agás se trate dun traballador con especiais dificultades para a súa inserción laboral
- O/A traballador/a non pode ter finalizado un contrato indefinido noutra empresa nos 3 meses anteriores, agás nos seguintes casos:
 - a) por despedimento improcedente ou colectivo.
 - b) que proceda dun centro especial de emprego ou proceda dun enclave laboral ou en base ao programa emprego con apoio (ben sexa por incorporarse á empresa ordinaria, ou por retorno ao CEE de procedencia ou para outro CEE)
 - c) que se trate dun traballador con especiais dificultades para a súa inserción laboral
 - . Non poden contratar as empresas que nos 12 meses anteriores á formalización do contrato extinguisen contratos indefinidos por despedimento improcedente ou colectivo.
 - Poderán converterse en indefinidos recibindo tódolos incentivos.
 - Cando se concerte por un prazo inferior o máximo establecido poderá ser prorrogado antes da súa finalización por periodos non inferiores a 12 meses.
- A subvención ao inicio: Consultar consideracións en contratación temporal.



* **Subvencións ao inicio do contrato temporal**

- 2.000 € se é home con discapacidade
- 2.600 € se é Muller con discapacidade

Adicionais:

- . 600 € si se contrata persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral.
- . 500 € no caso de contratacións realizadas en empresas que teñan ata 49 traballadores, ou no caso de contratacións para prestar servizos en centros de traballo nun concello rural.

- Normativa: Lei 43/2006, de mellora do Emprego – RDL 2/2009 de 26 de marzo.- Lei 27/2009, de 30 de decembro – Orde 23 de abril (DOG, 30/04/2010)

PRAZO SOLICITUDE SUBVENCIÓNS ATA 30/06/2010

CONTRATACIÓN TEMPORAL (Duración mínima 12 meses)

* **Subvencións ao inicio do contrato temporal**

- 2.000 € se é home con discapacidade
- 2.600 € se é Muller con discapacidade

Adicionais:

- . 600 € si se contrata persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral.
- . 500 € no caso de contratacións realizadas en empresas que teñan ata 49 traballadores, ou no caso de contratacións para prestar servizos en centros de traballo nun concello rural.

* Subvencións **adaptación de posto: ata 902 €**

Consideracións:

- É para contratar persoas desempregadas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego ou procedentes de centros especiais de emprego.
- Non se pode aplicar en contratacións realizadas a persoas con discapacidade que prestasen servizos na mesma empresa nos últimos 6 meses mediante un contrato temporal agás os contratos de interinidade e agás que sexan persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral.
- Posibilidade de subvencionar o contrato fomento do emprego.

PRAZO SOLICITUDE SUBVENCIÓNS ATA 30/06/2010



CONTRATO PARA A FORMACIÓN.

De 6 a 2 anos (ampliáveis a 3 por convenio, e para traballadores/as con discapacidade a duración máxima é de 4 anos)

* **Bonificación do 50% da cota empresarial prevista para este contrato.**

* **Subvención para adaptación do posto de traballo: 902 €** para a eliminación de barreiras ou dotación de medios de protección persoal, sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 12 meses. A solicitar antes do inicio da adaptación por parte do empresario ou traballador.

Consideracións:

- Non existe límite de idade na contratación de persoas con discapacidade.
- Non se computan a hora de determinar o número máximo de contratos para a formación que poden ter as empresas.
- Non hai límite de número de contratos para a formación de persoas con discapacidade.
- Poden converterse en indefinidos, recibindo todos os incentivos
- Normativa: Estatuto de Traballadores – RD 488/1998 de 27 de marzo (BOE 9 de abril) – Lei 43/2006 de 29 de decembro (BOE 30 de decembro) . RDL 2/2009 de 6 de marzo. - Orde 23 de abril (DOG, 30/04/2010)

Notas:

Este documento trátase dun resumo informativo e terá que tratarse como tal. Para obter a información completa do contido deste documento, aconséllase consultar a normativa indicada e/ou acudir ao organismo público competente.



CONTRATO EN PRÁCTICAS. - De 6 meses a 2 anos.

* **Bonificación do 50% da cota empresarial por contingencias comúns.** Durante toda a súa vixencia.

* **Subvención para adaptación do posto de traballo, eliminación de barreiras ou dotación de medios de protección persoal, se a duración é igual ou superior a 12 meses.: 902 €.** A solicitar tanto polo empresario como o traballador antes do inicio da adaptación. Require informe técnico da Inspección de Traballo.

Consideracións:

- O prazo dende a finalización dos estudos é de 6 anos.
- Poderá converterse en indefinido, recibindo todos os incentivos previstos.
- Normativa: Estatuto dos Traballadores – RD 63/2006, de 27 de xaneiro – RD 488/1998 de 27 de marzo (BOE 9 de abril).

CONTRATO DE INTERINIDADE PARA SUSTITUIR BAIXAS POR INCAPACIDADE TEMPORAL DE TRABALLADORES/aS CON DISCAPACIDADE

Trátase do contrato celebrado con persoas con discapacidade desempregadas para substituír a traballadores/as con discapacidade que teñan suspendido o seu contrato de traballo por incapacidade temporal durante o período en que persista dita situación.

* **Bonificación do 100% da cota empresarial.**

Consideracións:

- Os/As traballadores/as contratados deben ser persoas con discapacidade.
- Normativa: D.Adicional 9ª da Lei 45/2002, de 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.